



INFORMACIÓN SOBRE A ELECCIÓN DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR 2021 (D.O.G. 29/09/2021)

Benqueridas familias:

O equipo directivo do CPIP Antonio Orza Couto, ten o gusto de dirixirse a vostedes para presentar a información sobre o proceso de eleccións o Consello Escolar.

Entre o día 25 de outubro e o día 1 de decembro, terán lugar unha serie de procedementos que darán lugar a nova configuración do Consello Escolar, e que pasamos a enunciar:

Luns ou martes, 25 ou 26 de outubro: imprímese o censo de nais/pais e sitúase no taboleiro de anuncios do centro.

Xoves 28 de outubro: sorteo público, para asignación dos membros da Xunta Electoral

Martes 2 de novembro: primeira reunión da Xunta Electoral, que deberá concretar calendario Electoral.

Mércores 3 de novembro: comunicación as/os nais/pais explicando, proceso, calendario de actuacións.

Xoves 4 de novembro: comeza o prazo da presentación das candidaturas.

Xoves 11 de novembro: remata o prazo para presentación de candidaturas.

Luns 15 de novembro: segunda reunión da Xunta Electoral, onde se fixarán datas horas das votacións, de maneira concreta.

Mércores 17 de novembro: mándanse citacións, ven a través de correo electrónico, ven por chamada telefónica; para a constitución da mesa electoral de nais/pais, previo sorteo público.

Xoves 18 de novembro: circular as familias lembrando data e horas das votacións.

Luns ou martes, 22 ou 23 de novembro: votacións.

Martes ou mércores, 23 ou 24 de novembro: proclamación de candidatos elixidos.

Luns ou martes, 29 ou 30: constitución do Consello Escolar (Extraordinario).

Mércores 1 de decembro: comunicación a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e O.U.

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS/NAIS

Artigo 38.-

(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto). “A representación dos pais no Consello Escolar correspóndelles a estes ou os representantes legais dos alumnos, independentemente do número de fillos escolarizados no centro. O dereito a elixir e ser elixido correspóndelle ao pai e a nai, ou, se é o caso, aos titores legais.”

Artigo 39.-

A elección producírase ente os candidatos admitidos e proclamados como tales pola xunta electoral. Para este efecto constitúírase unha mesa electoral integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e catro pais ou titores legais, designados por sorteo público entre os que non se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta deberá preve-lo nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

A mesa electoral encargarase de presidi-la votación, conserva-la orde, velar pola pureza do sufraxio e realiza-lo escrutinio.

Artigo 40.-

Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no centro, propostos por cada unha das asociacións de pais de alumnos existentes no mesmo ou avalados para iso pola sinatura de 10 electores.

Artigo 41.-

O censo electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do centro con 10 días, alomenos de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e

posible reclamación por parte de pais e titores legais dos alumnos.

Artigo 42.-

(Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto). “O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que deberá acreditar a súa personalidade mediante a presentación do documento nacional de identidade ou calquera outro documento acreditativo, fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos e candidatas, segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente.